

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **18 de decembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

**5.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE TEIS. EXPTE. 13429/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.12.14, dáse conta do informe-proposta do 17.12.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación celebrada o 17 de decembro de 2014, entre outros, acordou:*

*6.- Propostas de adxudicación.*

*a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pabillón de Teis. (expediente 13429-333).*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto ddas obras de reforma da cuberta do pabillón de Teis. (PCAP).*

ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 3 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

**4.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA REFORMA NA CUBERTA NO PAVILLÓN DE TEIS. EXPTE. 13429/333.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/12/14, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:*

*“A Mesa de Contratación celebrada o 3 de decembro de 2014, entre outros, acordou:*

### 3.- Propostas de clasificación.

**a)** *Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pavillón de Teis. (expediente 13429-333).*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 28-11-2014, 02-12-2014 e 03-12-2014 dos informes do xefe de Area de Fomento e o director deportivo do IMD 01-12—2014 e o informe director deportivo do IMD de 03-12-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pabillón de Teis. (expediente 13429-333), no seguinte orde decrecente:*

*1.- Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. 96,50 puntos.*

*Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

*Terceiro.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 672,66 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

*Acordo:*

*A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.*

*Segundo.-* *Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 4 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 16 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.-* *Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 17 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da cuberta do pabillón de Teis. (expediente 13429-333) por un prezo de 154.873,95 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:*

- *Incrementa o prazo de garantía en 48 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dezaoito de decembro do ano dous mil catorce.

me

V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.